CIRCULAR 229
INFORMATIVA

MARZO / ABRIL 2011

ACTIVIDADES DA SECCIÓN DE PSICOLOXÍA XURÍDICA

ACTIVIDADES DA SECCIÓN DE PSICOLOXÍA CLÍNICA

ACTIVIDADES GIPCE

DIVISIÓN PTORH

XUNTA DE GOBERNO

Mª Rosa Álvarez Prada
Decana

Hipólito Puente Carracedo
Vicedecano / Coordinador da Comisión Intersectorial de Mediación / Responsable da Páxina Web

Concepción Fernández Fernández
Secretaria / Coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero

Mª Concepción Prado Álvarez
Vicesecretaria / Responsable de Emprego / Responsable da Biblioteca

Miguel A. Chouza Ponte
Tesoureiro / Responsable de Servizos

José Luis Domínguez Rey
Vogal / Responsable da Circular Informativa e Correspondente de Infocop

Ana Mª Fieira Nogareda
Vogal / Vogalía do Social

Antonio González Fernández
Vogal / Coordinador da Xunta de Goberno coa Comisión de Ética e Deontoloxía

Ana Isabel Martínez Arranz
Vogal / Coordinadora do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE)

Eva Muíño Gómez
Vogal / Coordinadora do Grupo de Traballo de Tráfico e Seguridade

José Manuel Oreiro Blanco
Vogal / Responsable de Cadernos de Psicoloxía

Mª Concepción Rodríguez Pérez
Vogal / Vogalía de Dinámica Sociocultural

Víctor Manuel Torrado Oubiña
Vogal / Vogalía de Formación

2011 pola memoria

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia celebra anualmente o acto ACHEGAS DA PSICOLOXÍA, un encontro no que as psicólogas e psicólogos galegos nos xuntamos para celebrar e reforzar a presenza social da Psicoloxía. Con este motivo, desde hai tres anos aproveitamos este evento para facer público o PREMIO DOLORES LLOPIZ, PSICOLOXÍA E SOCIEDADE, co que recoñecemos a aquelas persoas ou entidades que dende diferentes eidos contribúen a difundir e poñer en valor a nosa profesión.

...esa tecedeira
urdindo o futuro
no tear do presente
com fios do passado.

Concha Rousía

Este ano ACHEGAS DA PSICOLOXÍA celébrase no mes de maio na cidade da Coruña e ao abeiro deste acto entregaremos o Premio Dolores Llópiz. Psicoloxía e Sociedade á **Asociación pola Recuperación da Memoria Histórica**, coa que vimos colaborando desde 2010 no acompañamento e apoio psicosocial ás persoas que estaban en proceso de localización e desenterramento dos seus familiares represaliados e asasinados polo franquismo.

Por ter o convencemento de que o coidado e recuperación da memoria é un acto de xustiza fundamental para dignificar ás persoas e aos pobos, desde o COPG valoramos o esforzo que coa súa actividade está a levar a cabo a **Asociación pola Recuperación da Memoria Histórica** reivindicando co recordo o compromiso dun futuro digno.

ÍNDICE

4 **Información Xeral**

11 **Información das Seccións**

19 **Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE)**

22 **Comisión de Ética e Deontoloxía**

24 **Grupo de Tráfico e Seguridade**

25 **Últimos colexiados/as de Galicia**

26 **Cursos, xornadas e congresos**

Relacións institucionais

INFORMACIÓN
XERAL

A Presidenta da Sección de Psicoloxía Xurídica, Carmen Morell Muñoz, asistiu ao acto de presentación da Guía de Peritos Xudiciais que editou a Unión Profesional de Galicia e que tivo lugar o 1 de marzo en Santiago de Compostela.

A Decana, Mª Rosa Álvarez Prada, asistiu á conferencia organizada por Nueva Economía Forum impartida polo Ministro de Fomento, José Blanco López, o 2 de marzo no ciclo Forum Europa-Tribuna Galicia, en Santiago de Compostela.

A Decana do COPG, Mª Rosa Álvarez Prada, asistiu o 25 de marzo á reunión de coordinación do programa experimental de mediación intraxudicial en Santiago de Compostela e Ourense. Estiveron presentes tamén na reunión representantes das Consellerías de Traballo e Benestar e de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia; os Xuíces de familia de Ourense e Santiago de Compostela; as Fiscalías de Ourense e Santiago de Compostela; os Decanos dos Colexios de Avogados de Santiago de Compostela e Ourense; e os integrantes dos equipos de mediación intraxudicial de Santiago de Compostela e de Ourense.

A Decana do COPG, Mª Rosa Álvarez Prada, asistiu ao acto de presentación pública do Servizo de Mediación Intraxudicial de Ourense, que tivo lugar o 7 de abril no Colexio de Avogados de Ourense. Estiveron presentes tamén no acto representantes das Consellerías de Traballo e Benestar e de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia; a Xuíza de familia de Ourense; a Fiscalía; o Decano do Colexio de Avogados de Ourense; e os integrantes do equipo de mediación intraxudicial de Ourense.

Carmen Morell Muñoz

Mª Rosa Álvarez Prada

En representación do Colexio

Eva Muíño Gómez

A Vogal da Xunta de Goberno e Coordinadora do Grupo de Tráfico e Seguridade do COPG, Eva Muíño Gómez, presentou a ponencia "Condutores infractores: Un ano de Xornadas de Concienciación", no II Encontro de Cidades para a Seguridade Viaria, organizado pola Dirección General de Tráfico do Ministerio del Interior, celebrado en Córdoba os días 17 e 18 de febreiro.

Rocío Trastoy García

A Coordinadora do Programa de Atención Psicolóxica a Mulleres que Sufren Violencia de Xénero do COPG, Rocío Trastoy García, participou nunha mesa-coloquio desenvolvida ao abeiro das Primeiras Xornadas para a Abordaxe Integral da Violencia de Xénero, celebrada o 24 de febreiro en Soutomaior (Pontevedra) e organizada polo CIM dese Concello.

A psicóloga habilitada do Programa de Abramos o Círculo do COPG, Carmen Morell Muñoz, participou nunha mesa-coloquio desenvolvida ao abeiro das Primeiras Xornadas para a Abordaxe Integral da Violencia de Xénero, celebrada o 25 de febreiro en Soutomaior (Pontevedra) e organizada polo CIM dese Concello.

A Vogal da Xunta de Goberno do COPG, Eva Muíño Gómez, asistiu o 4 de marzo á Asemblea Xeral Ordinaria da Asociación Puntogal, na que o COPG está integrado.

Hipólito Puente Carracedo

O Vicedecano do COPG, Hipólito Puente Carracedo, asistiu ao Pleno, á Asemblea Xeral Ordinaria e á Asemblea Xeral Extraordinaria da Unión Profesional de Galicia, na que o COPG está integrado. Ditas reunións tiveron lugar o 29 de marzo en Compostela.

A Vicesecretaria do COPG, Mª Concepción Prado Álvarez, participou na Mesa Redonda "Estudos de Grao en Psicoloxía", no marco das XIX Xornadas de Orientación Universitaria e Profesional, organizadas polo Concello de A Coruña e celebradas na Coruña o 6 de abril.

A Presidenta da Sección de Psicoloxía Xurídica, Carmen Morell Muñoz, asistiu á Xornada Técnica "A proba pericial", organizada pola Unión Profesional de Galicia e que tivo lugar o 8 de abril en Santiago de Compostela.

O COPG e o Consejo General de Colegios Oficiales de Psicólogos

José Luis Domínguez Rey

O Coordinador da Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións do COPG, José Luis Domínguez Rey, asistiu á reunión da Comisión Xestora da División de Psicoloxía do Traballo, das Organizacións e dos Recursos Humanos, que se celebrou o 5 de marzo en Madrid.



Xavier Sardiña Agra

O Presidente da Sección de Psicoloxía Clínica do COPG, Xavier Sardiña Agra, asistiu á Coordinadora da Área de Psicoloxía Clínica, que tivo lugar o 25 de marzo en Madrid.

A Decana do COPG, Mª Rosa Álvarez Prada, e o Presidente da Sección de Psicoloxía Clínica do COPG, Xavier Sardiña Agra, asistiron á Xornada de Ámbito Nacional sobre Psicoloxía Clínica e da Saúde, celebrada en Madrid o 26 de marzo.

Olegaria Mosqueda Bueno

A Decana do COPG, Mª Rosa Álvarez Prada, e a Presidenta da Sección de Psicoloxía Educativa do COPG, Olegaria Mosqueda Bueno, asistiron ao VI Congreso Internacional de Psicoloxía e Educación e ao III Congreso Nacional de Psicoloxía da Educación, celebrados en Valladolid do 29 de marzo ao 1 de abril.

A Presidenta da Sección de Psicoloxía Educativa do COPG, Olegaria Mosqueda Bueno, asistiu á Coordinadora da Área de Psicoloxía Educativa, que se celebrou en Valladolid o 31 de marzo.

A Decana, Mª Rosa Álvarez Prada, asistiu á reunión do Grupo de Traballo de Psicoloxía e Igualdade de Xénero, celebrado o 8 de abril en Madrid.

Asemblea Xeral de Colexiados/as Ordinaria do COPG

O 5 de abril tivo lugar na sede do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia a sesión ordinaria da Asemblea Xeral de Colexiados e Colexiadas do COPG. Nela aprobáronse as contas e a memoria de actividades do Colexio en 2010.

Sinaturas de convenios de colaboración

◘ O 28 de marzo levouse a cabo un ano máis a sinatura do Convenio de Colaboración para 2011 entre a Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia para a atención psicolóxica a mulleres que sufran violencia de xénero e, complementariamente a menores e outras persoas dependentes delas que vivan ou padezan situacións de violencia de xénero, e atención psicolóxica a homes con problemas de control de violencia no ámbito familiar.

◘ O 18 de marzo levouse a cabo a sinatura do Convenio de Colaboración para 2011 entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia en materia de protección civil.

Momento da sinatura coa Secretaría Xeral de Igualdade

Charla de orientación na Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela

O COPG foi convidado desde a Facultade de Psicoloxía da USC a impartir unha charla de orientación, dirixida ao alumnado que remata a licenciatura de Psicoloxía, co obxectivo de ofrecerlles unha visión xeral dos perfís profesionais da Psicoloxía nos distintos ámbitos de traballo, funcións, vías de acceso, oposicións, etc.

Momento da charla

AVISOS

Renovación carnés

Se o teu carné está caducado ou caduca en breve, solicita a súa renovación na Administración do Colexio, por teléfono ou por e-mail.

Títulos de Licenciatura en Psicoloxía

Lembrámoslle a todas as persoas que se colexiaron co depósito do título de licenciatura e que aínda non presentaron o título orixinal, que deberán facelo á maior brevidade posible para o seu rexistro. Deberán traer orixinal e copia, ou enviar unha fotocopia compulsada para arquivar no seu expediente colexial.

No acto, que tivo lugar na Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela o 12 de abril, participaron:

Mª Rosa Álvarez Prada. *Decana do COPG*

Xavier Sardiña Agra. *Presidente da Sección de Psicoloxía Clínica do COPG.*

Olegaria Mosqueda Bueno. *Presidenta da Sección de Psicoloxía Educativa do COPG.*

Carmen Morell Muñoz. *Presidenta da Sección de Psicoloxía Xurídica do COPG.*

David Facal Mayo. *Vicepresidente da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG.*

Carlos Montes Piñeiro. *Vogal da Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións do COPG.*

Reunión coa Rede de Estudantes de Psicoloxía

O 1 de marzo a Decana, Mª Rosa Álvarez Prada, e o Vicedecano do COPG, Hipólito Puente Carracedo, mantiveron unha reunión con representantes da Rede de Estudantes de Psicoloxía. Dita reunión tivo como eixo central a presentación no COPG da asociación que representa aos/ás estudantes de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela e a posibilidade de colaboracións entre ambas entidades.

Medios de comunicación

Desde o COPG difundíronse entre os medios de comunicación, tanto de prensa escrita como audiovisual, as seguintes notas de prensa:

- Comunicado pola celebración do Foro “Recursos Humanos e Resultados. Do Talento Individual á Intelixencia Grupal”. 11 de febreiro.

- Comunicado pola celebración do Curso “Psicoterapia con Superviventes de Situacións Extremas (II Parte)”. 18 de febreiro.
- Comunicado pola celebración da Conferencia “Menores e Violencia de Xénero. Perspectiva Xurídica”. 11 de marzo.
- Comunicado pola celebración do Curso “Actualización en Rehabilitación Neuropsicolóxica”. 25 de marzo.
- Comunicado pola celebración da Sesión Técnica “Nova Tecnoloxía na Avaliación da Personalidade: O DP-TC. Aplicación Práctica”. 1 de abril.
- Comunicado pola celebración da Sesión de Traballo “Coaching e Recursos Humanos”. 9 de abril.
- Comunicado “O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia denuncia o trato desigual dos/as pacientes que sofren un trastorno mental con respecto dos/as que teñen outras doenzas”. 11 de abril.
- Comunicado pola celebración do Curso “Dó e Intervención con Menores en Situacións Críticas”. 14 de abril.

Na páxina web do Colexio www.copgalicia.es pódense consultar os textos íntegros dos comunicados.

Foi requirida a participación do COPG nos seguintes medios de comunicación:

- Radio Galega, 28 de marzo, pola sinatura do Convenio de Colaboración entre a Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia e o COPG para o Programa de atención psicolóxica a mulleres que sofren violencia de xénero e o Programa Abramos o Círculo. Mª Rosa Álvarez Prada, Decana do COPG.
- Radio Fusión, o 5 de abril; Correo TV, o 6 de abril; e Radio Voz, o 9 de abril, pola celebración da Sesión Técnica Nova Tecnoloxía na Avaliación da Personalidade: O DP-TC. Aplicación Práctica. Eva Muíño Gómez, Coordinadora do Grupo de Tráfico e Seguridade do COPG.
- Radio Galega, 15 de abril, pola celebración do curso “Dó e Intervención con Menores en Situacións Críticas”. Ana Mª Rosa Núñez Rubines, membro da Comisión Coordinadora do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE) do COPG e coordinadora do curso.

AVISOS

Declaración da RENDA

Serán gastos a deducir as cotas colexiais, ata un máximo de 500 €.

Máis información na Asesoría Fiscal do COPG: José Luis Iglesias Sexto Tfno.: 981 588 770 [Venres de 9.00 a 13.00 horas].

Cotas 2º semestre

O vindeiro 1 de xullo pasarase ao cobro o recibo correspondente ao 2º semestre de 2011.

INFORMACIÓN DAS SECCIÓNS

A información que aparece neste apartado é elaborada e remitida por cada *Sección, Comisión ou Grupo de Traballo* do COPG antes do 15 de cada mes par.

De acordo coa normativa vixente, a colexiación é obrigatoria para o exercicio da profesión de psicólogo/a, e en consecuencia as persoas que non estean colexiadas non poderán exercer como psicólogos/as.

SECCIÓN DE PSICOLOXÍA CLÍNICA

Curso "Actualización en rehabilitación neuropsicolóxica"

O pasado 25 e 26 de marzo, cunha presenza de 143 asistentes, tivo lugar na Sala de Conferencias da Fundación Caixa Galicia en Santiago de Compostela o Curso "Actualización en rehabilitación neuropsicolóxica", coordinado por **Xavier Sardiña Agra** e **José Javier González Hermida**, Presidente e membro respectivamente da Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía Clínica do COPG.

O curso dou comezo coa intervención de **Jorge Bajo Lema**, Psicólogo Interno Residente do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña, **Daniel Latorre Rodríguez**, Psicólogo Interno Residente do Complexo Hospitalario de Ourense e **Melania Beceiro Rico**, Psicóloga Interna Residente do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela, que fixeron unha exposición dos programas de atención ao Dano Cerebral Adquirido (DCA) implantados no SERGAS. Continuou **Mª Dolores Vinagre Torres**, Psicóloga Clínica da Asociación de Dano Cerebral da Coruña (ADACECO), falando da rehabilitación neuropsicolóxica no DCA. Por outra parte, **Rocío García Calvo**, Psicóloga da Asociación de Dano Cerebral de Santiago SARELA, abordou as necesidades na atención aos/ás familiares, e **Ana Jartín Abraira**, Psicóloga do Equipo de Valoración e Orientación-EVO de Lugo, analizou a importancia da avaliación da discapacidade para a reintegración sociolaboral.

Contouse coa presenza de **Bárbara A. Wilson**, Psicóloga Clínica e Directora da Cognition and Brain Sciencies Unit do Medical Research Council no Reino Unido, que afondou no proceso da rehabilitación neuropsicolóxica en todos os eidos. A sesión de intervencións continuou con **Adolfo Piñón Blanco**, Psicólogo da Unidade de Drogodependencias do Concello de Vigo (Cedro), o cal explicou o traballo de rehabilitación cognitiva en suxeitos con afectación cerebral por consumo de substancias e **María Sabucedo Seoane**, Psicóloga do Centro Geriatros de Riveira, quen falou do desenvolvemento de obradoiros de memoria para persoas con deterioro cognitivo.

Momentos do Curso

O curso finalizou cunha mesa sobre o futuro da neuropsicoloxía clínica na cal participaron **Maite Garolera Freixa**, Presidenta da Federación de Asociaciones de Neuropsicología Españolas (FANPSE) e **Miguel Anxo García Álvarez**, Vogal da Comisión Nacional de Especialidad de Psicología Clínica.

Formación

- O vindeiro 20 e 21 de maio e o 10 e 11 de xuño terá lugar en Santiago de Compostela o Curso "Avaliación da personalidade", que será impartido por **María José Veiga Candán**, Psicóloga Clínica do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo.
- Dado o interese e boa acollida do Curso "Formación en neuropsicoloxía: Demencias", que se celebrou a principios de ano, os días 9 e 10 de setembro celebrarase novamente en Santiago de Compostela. Será impartido por **María Mataró i Serrat**, Doutora en Psicoloxía e Profesora do Departamento de Psiquiatría e Psicobioloxía Clínica da Universitat de Barcelona.
- Tamén tense previsto levar a cabo un curso sobre autopsia psicolóxica no cal se está a traballar desde a Sección.

Lembrarvos que podedes dirixir as vosas suxestións á Sección de Psicoloxía Clínica do COPG sobre outras temáticas para a realización de novos cursos.

Grupo de traballo en psicoterapias

Rematada a primeira etapa do 2005-2009, o **Grupo de Investigación sobre Procesos e Resultados en Psicoterapia** segue

investigando nas variables claves no proceso psicoterapéutico e pretenden estender ao maior número posible de profesionais do campo clínico o uso sistemático do protocolo de avaliación da práctica diaria como un procedemento de control da calidade das nosas intervencións. As persoas interesadas en participar nesta nova etapa poden poñerse en contacto coa súa coordinadora **Marisol Filqueira Bouza** a través do seu enderezo electrónico MA.Soledad.Filqueira.Bouza@sergas.es

Xornadas da Sección

As XVI Xornadas da Sección de Psicoloxía Clínica do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia celebraranse os vindeiros 18 e 19 de novembro no Auditorio Municipal do Concello de Cangas (Pontevedra). Os Comités están compostos por **Dolores González Cabaleiro** e **Estrela Gómez González**, Presidenta e Vogal no Comité Organizador e **Irene Esperón Rodríguez** e **Maximino Portela Freire**, Presidente e Vogal no Comité Científico. O programa aínda non está finalizado, pero adiantámosvos que este ano celebraranse baixo o título "A práctica clínica", e contará con tres obradoiros sobre terapia integrativa, análise funcional e a abordaxe do Trastorno Límite de Personalidade (TLP). Ademais haberá unha área de presentación de pósteres. Manterémosvos informados do programa e as bases para a presentación dos pósteres.

Revista oficial da Sección

Comunicámosvos que o vindeiro número do Anuario de Psicoloxía Clínica incluirá un apartado de casos clínicos. As persoas interesadas poden facernos chegar o texto para a súa publicación en formato word a través do enderezo electrónico do COPG (copgalicia@cop.es), indicando que vai dirixido ao Anuario da Sección de Psicoloxía Clínica.

Actualización de datos dos membros da Sección

A Xunta Directiva da Sección segue a actualizar a información sobre datos de contacto e perfís profesionais dos membros da mesma. Para facilitar este labor animámosvos a enviar os vosos enderezos de correo electrónico.

SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DO TRABALLO E DAS ORGANIZACIÓNS

Sesión de traballo “Coaching e Recursos Humanos”

O pasado 9 de abril na sede do COPG e en colaboración coa Escola Galega de Coaching, a Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións organizou unha sesión de traballo para abordar diversos aspectos do “Coaching”. **Pablo Rodríguez González**, Director de Proxectos da Escola Galega de Coaching, disertou sobre o coaching e a súa evolución histórica como proceso.

Pablo Rodríguez González

Creación da División PTORH

Con motivo da creación da **“División de Psicoloxía do Traballo, das Organizacións e dos Recursos Humanos”**, por parte do Consejo General de COP’s, abriuse o período de afiliación a esta División. A inscrición está aberta a todos os colexiados e colexiadas do COPG.

A División PTORH unificará a nivel nacional o ámbito profesional de intervención. Persegue coordinar, integrar e desenvolver as actividades profesionais da área. Non só pretende potenciar a investigación e a formación, senón tamén garantir un servizo de calidade nas intervencións profesionais do seu ámbito disciplinar mediante o desenvolvemento de procedementos de *acreditación* de profesionais.

Por outra parte, velará polo exercicio competente e por unha práctica profesional acorde co Código Deontolóxico.



División PTORH

O regulamento da División e o impreso de solicitude para inscribirse na mesma pódese atopar en www.cop.es/ptorh/

Para ser membro ordinario da División os requisitos son:
Estar colexiado/a, non estar incurso en sanción que leve aparellada a inhabilitación e presentar a solicitude de incorporación pertinente.

Momento do Curso

SECCIÓN DE PSICOLOXÍA XURÍDICA

Formación interna da Sección

Desde a Sección de Psicoloxía Xurídica, como ven sendo habitual, tentamos manter unha formación fixa e continua ao longo do ano, sempre con contidos variados e abertos a suxestións para poder engadir novas temáticas ou repetir algunha formación que tivese grande demanda e na que puideron quedar socios/as sen matricularse. Neste senso, animámosvos a todos/as os/as socios/as a que fagan chegar as súas propostas ao COPG para, deste xeito manter unha formación continua dinámica, útil e de interese.

En canto a esta formación, destacar que o pasado 12 de marzo celebrouse na sede do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia o **Curso "Valoración clínico-legal do maltrato infantil e xuvenil. Protocolo de actuación xudicial"**. Foi coordinado por **Carmen Morell Muñoz**, Presidenta da Sección de Psicoloxía Xurídica do COPG e impartido por **Carlos Evaristo Domínguez Robledo**, Doutor en Psicoloxía e Terapeuta familiar e Docente pola Federación Española de Asociaciones de Terapia Familiar.

Formación

- Os días 27 e 28 de maio celebrarase o Curso "Tratamento penitenciario: Implicacións xurídicas e psicolóxicas" impartido por **Gracia Arias González**, Xurista do Centro de Inserción Social "Carmela Árias y Díaz de Rábago" da Coruña, **Yolanda Ferreiro Vázquez**, Psicóloga do Centro Penitenciario de Bonxe (Lugo) e

Ana Suárez Martínez, Psicóloga do Servizo de Xestión de Penas e Medidas Alternativas do Centro de Inserción Social da Coruña.

A finalidade do presente curso é dar a coñecer a labor dos/as profesionais da Administración Penitenciaria (Psicólogos/as e Xuristas), así como os diferentes tratamentos aplicados neste medio, ás veces, pouco coñecido. O tratamento penitenciario pódese definir como o conxunto de actividades que están directamente dirixidas á consecución da reeducación e a reinserción social dos/as penados/as. Nesta liña, o artigo 110 do Regulamento Penitenciario sinala que *"a Administración Penitenciaria deseñará programas formativos orientados a desenrolar as actitudes dos/as internos/as, enriquecer os seus coñecementos, mellorar as súas capacidades técnicas ou profesionais e compensar as súas carencias"*. Concretamente, os obxectivos específicos son:

- Implicacións xurídicas do tratamento penitenciario
- O papel do/a psicólogo/a no medio penitenciario
- Programas de intervención na prisión
- As medidas alternativas á prisión: Programas de intervención. Colaboración con entidades externas.

O día 2 de setembro tense previsto celebrar un curso sobre a intervención en temas de violencia de xénero impartido por **Juan Carlos Prados Moreno**, membro da Sección de Psicoloxía Xurídica do COPG.

Os días 16 e 17 de setembro levarase a cabo un curso no que contaremos con **Vicente Ibáñez**, Psicólogo Forense dos Xulgados de Madrid, con ampla experiencia no traballo e que tratará na súa intervención dos informes de familia, procurando centrarse en aspectos específicos e prácticos, e nas condicións que deben darse para que sexa recomendable a custodia compartida. Abrirase o curso cunha mesa redonda na que se tratará de debater a problemática actual nos casos de familia.

O 11 e 12 de novembro celebraremos un novo curso sobre formación en neuropsicoloxía forense.

As Xornadas de Psicoloxía Xurídica, que este ano versarán sobre a valoración da perigosidade e o risco de reincidencia, tense previsto celebrar os días 14 e 15 de novembro.

AVISO

Aqueles/as colexiados/as que teñan inquietudes relacionadas coa fotografía, pintura ou escultura, teñen á súa disposición a sede colexial para expoñer as súas obras.

Os/As interesados/as poden contactar coa Administración do Colexio.

Asemblea de Socios/as da Sección

O pasado 12 de marzo, celebrouse na sede do Colexio a Asemblea de Socios/as da Sección de Psicoloxía Xurídica do COPG da que queremos resaltar os seguintes aspectos:

1. Informouse do aumento do presuposto destinado a Sección debido a formación e traballo realizado por parte desta.
2. Explicouse cal é o estado da formación prevista para o resto do ano.
3. Falouse da publicación dun libro onde aparecen expostos os listados de peritos que se van remitir aos xulgados.
4. Expúxose, en referencia a acreditación profesional, que xa hai Colexios que a están a facer e hai outros que agardan a que sexa o Consejo General de COP's quen elabore ese proceso de acreditación. En canto a acreditación profesional apróbase por unanimidade a creación dun grupo para traballar nos requisitos necesarios para poder realizar dita acreditación desde o COPG.
5. Comentouse a iniciativa por parte dalgúns colexiados/as de realizar un congreso de psicoloxía xurídica, algo que conlevaría grande responsabilidade e moito traballo e esforzo. Polo tanto, informarase ao resto de socios/as e si hai boa acollida desta iniciativa e se consegue crear un grupo de traballo tentaríase levar adiante. Nesta mesma liña, plantexouse a necesidade de crear novos grupos de traballo (Familia e menores). Solicítase desde esta circular a colaboración dos/as socios/as para participar tanto no congreso como nos dous grupos de traballo que se propoñen dado que de non acadar suficiente apoio non se poderían levar a cabo estas iniciativas. A forma de ofrecer a colaboración pódese facer por medio de correo electrónico ao COPG.
6. A Presidenta, Carmen Morell Muñoz, informou da situación dos listados de peritos que foron remitidos a 215 xulgados.
7. Expúxose, a necesidade ou non de crear un "visado" para os informes periciais, algo que sería voluntario e que se faría sobre a metodoloxía empregada nunca sobre o contido. Sendo este un punto onde non existiu acordo e onde se decidiu deixar este tema parado.

SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DA INTERVENCIÓN SOCIAL

Desde a Xunta Directiva informamos que estamos a deseñar o próximo Seminario Galego de Psicoloxía da Intervención Social, concibido como un foro que propicie ao diálogo entre profesionais e persoas implicadas no traballo con persoas maiores, con discapacidade, sen teito, etc. Podedes aportar ideas sobre posibles temáticas ou enfoques a través do correo electrónico do COPG.

Por outra parte, as II Xornadas de Intervención Social e Terceiro Sector celebraranse o vindeiro 17 de xuño de 2011. Na primeira edición destas xornadas, celebradas no ano 2009, destacouse como as entidades lucrativas cobren aquelas necesidades que polo súa escasa marxe comercial non son rendibles ao sector privado; así como o seu caracter innovador e a súa potencialidade como estruturas áxiles, fléxibles e moi competitivas. Nestas II Xornadas, promovidas polo Grupo de Traballo sobre o Terceiro Sector da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG, revisamos o seu modelo de intervención social co obxectivo de reforzar conceptualmente o rol do/a profesional da psicoloxía neste tipo de entidades. As ponencias estarán centradas na xestión das organizacións e dos seus programas sociais así como na labor das asociacións de afectos/as como axentes de intervención social.

E por último informar unha vez máis de que este ano se convocan eleccións á Xunta Directiva da Sección de Intervención Social. Animámosvos a presentarvos unha vez convocado o proceso electoral.

GRUPO DE INTERVENCIÓN PSICOLÓXICA EN CATÁSTROFES E EMERXENCIAS (GIPCE)

Curso "Dó e intervención con menores e situacións críticas"

Os días 15 e 16 de abril celebrouse na Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela o curso "Dó e intervención con menores e situacións críticas". Foi impartido por **Rodolfo Ramos Álvarez**, Doutor en Psicoloxía, Profesor na Universidade de Granada e Decano do Colexio Oficial de Psicólogos de Melilla. Rodolfo Ramós é experto en intervención en situacións de crise, dó e desastres con nenos/as; membro do proxecto da Unión Europea *Psychosocial Support of Crisis Management,* e autor e coordinador do libro "Las estrellas fugaces no conceden deseos".

O curso foi coordinado por **Ana Mª Núñez Rubines**, Vogal da Comisión Coordinadora do GIPCE, quen facilitou unha entrevista a Radio Galega acerca do tema do curso.

Momento do Curso e asistentes

Accións Formativas previstas:

- Tense previsto realizar un Seminario de Intervención en catástrofes internacionais o vindeiro sábado 8 de outubro na Facultade de Psicoloxía. Será impartido por **Elena Conzález Cid** e **Aurora Rozadilla Arias**, ambas membros da Comisión Coordinadora do GIPCE.

◻ O 23 e 24 de novembro vaise celebrar o Curso Básico de Formación en Emerxencias na Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP). Estará destinado a persoas con interese en formar parte do GIPCE nun futuro.

◻ O 26 de novembro en horario de mañá tense previsto a realización dunha Xornada co Grupo de Gardas do GIPCE.

Grupos de traballo

◻ *Elaboración de protocolo de Intervención do GIPCE en simulacros*

Por mor da demanda cíclica anual da participación do GIPCE nos simulacros, creouse un grupo de traballo para elaborar o documento preparatorio de simulacros en aeroportos. A coordinadora deste grupo será a nosa compañeira **Fátima López Rodríguez.** Entre os aspectos que van a abordar desde este grupo están: Preparación de papeis para os diferentes figurantes (feridos/as, familiares, intervenientes), analizar como facer a triaxe psicolóxica, analizar as formas de intervención en función dos distintos escenarios, etc.

◻ *Grupo de acompañamento psicolóxico en exhumacións*

Oito integrantes deste grupo colaborarán coa Asociación pola Recuperación da Memoria Histórica nos levantamentos de fosas que teñan lugar dentro da nosa Comunidade.

Informacións

◻ *Argumentario de resposta aos medios de comunicación*

Mª Luz Losada Somoza e **Aurora Rozadilla Arias** están traballando na elaboración de cuestións e respostas frecuentes na atención aos medios de comunicación.

◻ *Guía de Autoaxuda para Persoas Afectadas por situacións Críticas*

Esta guía xa foi elaborada e está pendente de impresión para poder ser distribuída.

◻ *Guías de Autoaxuda para Intervenientes*

Aínda en proceso de elaboración do borrador polos membros do GAI.

AVISOS E ANUNCIOS

Este é un espazo gratuíto reservado para que os/as colexiados/as poidan insertar anuncios por palabras, sobre aluguer, compraventa, ou para compartir despachos profesionais.

- Os anuncios enviaranse á Administración do COPG antes do día 15 de cada mes par.
- O número máximo de palabras por cada anuncio será de 50.
- Para calquera información consultar coa Administración do COPG.

Exemplo: "Alúgase despacho de psicoloxía a tempo parcial ou completo de 20 m² na Rúa Santa Margarita, 35. Santiago de Compostela. Tfno.: 981 000 000".

- *Elaboración de documentación e dossieres de prensa*

Traballo a cargo de **Jesús Alberto Carballo Bouzas**, membro da Comisión Coordinadora do GIPCE, co fin de seleccionar a información de maior interese para o GIPCE das catástrofes do 2010.

- **Concepción López Martín**, membro da Coordinadora do GIPCE preparou e enviou ao Colexio un dossier correspondente as novas actualizacións para a páxina web do COPG.

- O xefe do Servizo de Calidade e Perfeccionamento de Protección Civil, **Pedro Luís Sánchez Castro**, comunicounos a *Integración do GIPCE nos plans de Emerxencias Exterior das empresas galegas* que estean obrigadas a ter dito plan. Os GIPCEs de contacto por cada provincia queda repartido entre membros da Comisión Coordinadora do seguinte xeito: Lugo: **Ana Isabel Martínez Arranz**; Pontevedra: **Mª Luz Losada Somoza**; A Coruña: **Elena González Cid** e en Ourense: **Jesús Alberto Carballo Bouzas**.

- **Francisco Javier Torres Ailhaud**, Decano do Col·legi Oficial de Psicòlegs de les Illes Balears (COPIB), será o novo Coordinador Estatal da área de Emerxencias.

AVISO

A partir do 1 de xullo de 2011 unicamente se enviarán as comunicacións do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia por correo electrónico.

Para axilizar o proceso, envíanos canto antes o teu enderezo electrónico. No caso de que non dispoñas de conta de correo electrónico, se o desexas o COPG pode facilitarche unha aloxada no propio servidor do Colexio.

Máis información no apartado de novas da páxina web do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia copgalicia@cop.es

É competencia, entre outras, da Comisión de Ética e Deontoloxía, segundo o punto "a" do artigo 47 dos Estatutos do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, "Emitir informes de carácter vinculante no referido á cualificación disciplinaria dos actos profesionais que se sometan á súa valoración por razóns deontolóxicas e consultivo en todos os demais temas relacionados coa normativa deontolóxico-profesional.".

A letra do articulado antes citado é moi clara cando define a función da Comisión de Ética e Deontoloxía: Cualificación disciplinaria dos actos profesionais motivo da queixa. Unha vez cualificada esta, remítese á Xunta de Goberno, que é quen ten a competencia para impor sancións (Artigo 64 dos Estatutos do COPG), o correspondente informe vinculante.

As queixas ou demandas, desde o momento en que un/unha profesional ou usuario/a da psicoloxía decide presentala, seguen un procedemento regulado polo CÓDIGO DEONTOLÓXICO DO/A PSICÓLOGO/A (Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Psicólogos, Madrid 1987), ESTATUTOS DO COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA (Decreto 114/2008, de 22 de maio), REGULAMENTO DO PROCEDEMENTO DE QUEIXA (Aprobado en Xunta Xeral do COPG de 21/12/2001 e modificado en Asemblea Xeral de Colexiados/as do COPG de 10/12/2009) e demais Leis aplicables.

As demandas, unha vez recibidas, envíanse á Comisión de Ética e Deontoloxía para o seu estudo, que unha vez realizado, pode dar lugar a tres posibles incidencias: Que se arquive, que se admita a trámite, ou que a Comisión de Ética e Deontoloxía necesite máis información antes de tomar unha decisión e se inicie un proceso de información reservada ou preliminar no que se inste á parte denunciante a ampliar información que non queda clara na denuncia ou á parte denunciada a presentar alegacións para facer unha valoración fundamentada da súa admisión ou non a trámite. As partes terán un prazo de dez días naturais para contestar. No caso de que unha queixa non se admita a trámite directamente comunicaráselle ao/á demandante; se se piden alegacións e/ou ampliación de información e se decide a non admisión comunicaráselle a ambas as partes.

A admisión a trámite, tanto se se tivese solicitado información preliminar ou reservada como se non, o/a demandado/a ten

COMISIÓN DE ÉTICA E DEONTOLOXÍA



dereito a “ser notificado dos feitos que se lle imputen, das infraccións que tales feitos poidan constituír e das sancións que, no seu caso, se lles puidesen impor, así como a identidade da persoa instrutora, da autoridade competente para impor a sanción e da norma que atribúa tal competencia”, así como a “formular alegacións e empregar os medios de defensa admitidos polo ordenamento xurídico que resulten procedentes” (artigo 135 LRJAP). O/A demandante será notificado/a tamén do inicio do expediente coa indicación da identidade da persoa instrutora. Nese momento ábrese un proceso de proposición e/ou aportación de probas para o/a denunciante e de alegacións e proposición de probas para a parte denunciada, ben entendido que farán referencia unicamente aos artigos do Código Deontolóxico supostamente vulnerados e que teñan sido así determinados e motivados pola Comisión de Ética e Deontoloxía. Para este proceso outórgase un prazo de 15 días naturais.

A instrutora ou o instrutor, unha vez recibidas as alegacións da parte denunciada e as posibles proposicións de probas de calquera das partes, poderá abrir un proceso de audiencia final, ben presencialmente, ben contestando a un cuestionario remitido por correo certificado con acuse de recibo. Outórgase un prazo de dez días naturais para a recepción do cuestionario.

A Comisión de Ética e Deontoloxía, unha vez estudado o expediente instruído, emitirá un ditame coa cualificación da falta se a houbese para resolución pola Xunta de Goberno. A resolución final coa indicación ou non de sanción emitiraa a Xunta de Goberno do COPG e comunicaralla ás partes, sinalando os recursos pertinentes.

PRÓXIMA CIRCULAR INFORMATIVA DO COPG

Será a Nº 230 de maio/xuño de 2011,
e sairá a principios do mes de xullo de 2011.
A información terá que ser remitida como data límite o 15 de xuño de 2011, polo que os Cursos, Xornadas e Congresos terán que empezar a partir de agosto de 2011 inclusive.

2ª parte da Sesión Técnica "Nova tecnoloxía na avaliación da personalidade: O DP-TC. Aplicación práctica"

Os días 1 e 2 de abril celebrouse na Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela a 2ª parte para a validación no uso do instrumento de avaliación da personalidade: O DP-TC. Tratouse dunha sesión de 15 horas, eminentemente de carácter práctico impartida por **José Mª Tous Ral**, Catedrático de Personalidade, Avaliación e Tratamentos Psicolóxicos na Universidade de Barcelona e **Rubén Muíños Martínez**, Doutorado pola Universidade de Barcelona.

O obxectivo do curso foi seguir usando este instrumento tanto nos ámbitos relacionados co tráfico, lease centros psicotécnicos, como noutros ámbitos nos que cada unha das persoas asistentes validadas o consideren aplicable.

Quedará a disposición dos/as psicólogos/as validados/as a pantalla táctil adquirida polo COPG así como o programa para proceder ao seu uso mediante empréstito. Será necesario que se recolla e se devolva persoalmente no COPG ou ben realizando o envío por mensaxería, o cal só se poderá optar realizando un seguro de accidentes polo valor da pantalla, que correrá a cargo dos/as solicitantes.

GRUPO DE TRÁFICO E SEGURIDADE

Momentos da Sesión Técnica

Formación

As II Xornadas Galegas de Psicoloxía do Tráfico e a Seguridade celebraranse o 26 de novembro de 2011.

ÚLTIMOS/AS COLEXIADOS/AS DE GALICIA

G-3633	Nieto Iglesias, Lorena
G-4341	Novoa Miñambres, María de las Mercedes
G-4342	Abalo Martínez, Rocío
G-4343	García Veiga, Marta María
G-4344	Santos Rivas, Mónica
G-4345	Izquierdo Timón, Laura
G-4346	Pérez Moreno, Carlos Alberto
G-4347	Orol Castro, María de los Reyes
G-4348	Barreiro Blanco, Teresa
G-4349	Dotor De Las Herrerías, Alejandra
G-4350	Cano Pan, Francisco Javier
G-4351	Zas Maroño, Eva María
G-4352	Trabazo Arias, Daniel Enrique
G-4353	Dávila Fernández, Ana Saray
G-4354	González Campos, María
G-4355	Díaz Moreira, José Manuel
G-4356	Pais Otero, Virginia
G-4357	González Leal, Noelia
G-4358	Santamaría Gargamala, Pedro
G-4359	Mendoza Edreira, María Dolores
G-4360	Carballo Varela, Jorge
G-4361	Rodríguez Otero, Lina
G-4362	Fernández García, Jacobo Abel
G-4363	Magdalena Rey, Purificación
G-4364	Ramos Regalado, Iris
G-4365	Varela Figueroa, Patricia
G-4366	Guimeráns De Alfonso, Sheila
G-4367	Graña Torres, Mª Isabel
G-4368	Fernández Penín, Rosa María
G-4369	Puente Pérez, Loreto
G-4370	Fernández Fernández, Laila
G-4371	Estévez Deltell, Clara
G-4372	Chamosa Prado, Uxía
G-4373	Arnoso Cortizas, Cristina
G-4374	Alonso Suárez, Inés
G-4375	Gómez Martínez, Natalia
G-4376	Saenz Porto, María Dolores

CURSOS, XORNADAS E CONGRESOS

Servizo de Información de interese para os/as colexiados/as

O COPG non asume –salvo nos casos en que sexa o organizador– nin o contido nin a metodoloxía dos Cursos que se relacionan nesta Circular.

A información que aparece neste apartado ten que ser remitida ao COPG tendo como data límite o 15 de cada mes par.

II XORNADAS DE INTERVENCIÓN SOCIAL E TERCEIRO SECTOR

Data: 17 de xuño de 2011
Lugar: Santiago de Compostela
Organiza e informa: Sección de Psicoloxía da Intervención Social do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia
Espiñeira,10-Baixo. 15706 Santiago de Compostela. Tfno.: 981 534 049
Fax: 981 534 983 | E-mail: copgalicia@cop.es
Web: www.copgalicia.es

XORNADAS DE PSICOLOXÍA DO COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA "A PRÁCTICA CLÍNICA"

Datas: 18 e 19 de novembro de 2011
Lugar: Cangas
Organiza e informa: Sección de Psicoloxía Clínica do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia
Espiñeira,10-Baixo. 15706 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 534 049. Fax: 981 534 983
E-mail: copgalicia@cop.es
Web: www.copgalicia.es

CURSO "O TRABALLO COAS MASCULINIDADES PARA ALCANZAR A IGUALDADE DESDE OS ÁMBITOS SOCIAL E PROFESIONAL" (12 horas)

Datas: 24 e 25 de xuño de 2011
Lugar: Santiago de Compostela
Docente: Erick Pescador Albiach
Organiza e informa: Comisión Intersectorial de Xénero do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia
Espiñeira, 10-Baixo. 15706 Santiago de Compostela. Tfno.: 981 534 049
Fax: 981 534 983 | E-mail: copgalicia@cop.es
Web: www.copgalicia.es

CURSO "PERSPECTIVAS SOBRE O MALTRATO A MULLER"

Data: 11 de xuño de 2011
Lugar: Santiago de Compostela
Docentes: Martina Burdet Dombald e Pepa Llinares Llorca
Organiza e informa: Gradiva, Asociación de Psicoanálisis Aplicada e Asociación Psicoanalítica de Madrid (APM)
Tfno.: 981 522 653 | E-mail: info@gradiva.org

XI CURSO DE EDUCADORES/ORAS EN OBESIDADE INFANTIL. PROGRAMA DOCENTE "NENOS/AS EN MOVEMENTO"

Datas: 8, 9 e 10 de xuño de 2011
Lugar: Barcelona
Docentes: A. Carrascosa, M. Gussinyer, S. Gussinyer, N. García-Reyna, M. Albisu, M. Clemente e D. Yeste
Organiza e informa: Hospital Vall d'Hebron
Tfno.: 934 893 000 Ext. 4740
Fax: 934 893 065
E-mail: nensenmoviment@gmail.com. Web: www.nensenmoviment.net / www.anem.org.es

CONFERENCIA EUROPEA DE COACHING

Datas: 16, 17 e 18 de xuño de 2011
Lugar: Madrid
Organiza e informa: International Coach Federation (ICF)
Tfno.: 917 020 606
E-mail: info@coachingconferencemadrid2011.com

XORNADA SOBRE TDAH: DIAGNÓSTICO E INTERVENCIÓN MULTIDISCIPLINAR

Data: 11 de xuño de 2011
Lugar: Poio (Pontevedra)
Organiza e informa: Policlínico ÊBAM
Avda. Porteliña, 25-Baixo. 36163 Poio. Pontevedra
Tfno./Fax: 986 870 633
E-mail: info@policlinicoebam.com
Web: www.policlinicoebam.com

IX CONGRESO NACIONAL DE PSICOLOXÍA CLÍNICA

Datas: 7, 8 e 9 de xullo de 2011
Lugar: San Sebastián
Organiza e informa: Instituto Superior de Psicología Clínica y de la Salud
Secretaría Técnica:
Tfno./Fax: 658 296 053
E-mail: secretariacongreso@aepc.es
Web: www.ispcs.es/congresoclinica

CONGRESO INTERNACIONAL "MANIPULACIÓN PSICOLÓXICA, GRUPOS SECTARIOS, SOCIOADICCIÓNS E OS SEUS DATOS"

Datas: 7, 8 e 9 de xullo de 2011
Lugar: Barcelona
Organiza e informa: Atención e Investigación de Socioadicciones (AIS)
Avda. Diagonal, 430-1º. 08037 Barcelona
Tfno.: 933 013 024. Fax: 933 018 744
E-mail: vgonzalez@ais-info.org
Web: www.ais-info.org

Colexio Oficial de
Psicoloxía de Galicia

D.L.: C 264-2008

Rúa da Espiñeira, 10-Baixo
15706 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 534 049
Fax: 981 534 983
copgalicia@cop.es
www.copgalicia.es

Membro da EFPA
Federación Europea de Asociaciones
Profesionales de Psicólogos

HORARIO

Inverno

De luns a xoves de 9 a 14 horas
e de 16 a 21 horas, e os venres
de 9 a 14 horas

Verán

Do 1 de xuño ao 15 de xullo
De luns a venres de 8 a 15 horas,
martes de 17 a 21 horas

Do 16 de xullo ao 31 de agosto
De luns a venres de 8 a 15 horas

Do 1 ao 30 de setembro
De luns a venres de 8 a 15 horas,
martes de 17 a 21 horas